

## O Liceo de Baiona organiza o I Concurso Infantil "Pinta as Cíes".

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 17 Xuño 2016 19:07

---



O Liceo Marítimo de Baiona organiza o vindeiro domingo 19 de xuño o I Concurso de pintura infantil ao aire libre "Pinta as Cíes". Este será o inicio da escola de Pintura que pretende crear o Liceo, a partir de setembro, baixo a dirección de Claudio Maseiro.

Celebrarase desde as 11.00 da mañá e poderán participar os nenos e nenas de 5 a 14 anos. A temática será sobre "As Illas Cíes" vistas desde o paseo marítimo de Baiona e contorna. A técnica será libre, sobre unha lámina tamaño A4, que será facilitado pola organización. O mesmo domingo, de 9:30 a 11:00 horas poderán inscribir os participantes.

O concurso será gratuíto e os participantes "só deberán acudir con gañas de pintar e provistos do material necesario para a realización da obra (base para papel, lapis, ceras, etc.)

A entrega dos premios realizarase no Liceo Marítimo de Baiona (Rúa Laureano Salgado,23) ás 19.30 horas. Establécense dous premios para cada categoría. As obras presentadas ao concurso permanecerán expostas durante a semana posterior ao concurso no salón do Liceo. Poderán solicitar máis información e as bases do concurso no propio Liceo, no mail: [liceodebaiona@gmail.com](mailto:liceodebaiona@gmail.com) ou no teléfono: 608183957

## O Liceo de Baiona organiza o I Concurso Infantil “Pinta as Cies”.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 17 Xuño 2016 19:07

---

{attachments}